

Información aos grupos
participantes na Rede Galega de
Música ao Vivo 2009

REDE GALEGA DE MÚSICA AO VIVO

2009

CONTRATACIÓN:

Instrumentos de contratación:

- (1) Contrato AGADIC – Salas
- (2) Contrato AGADIC– Grupos

¿Quen pode contratar?

- (1) Persoas físicas.
- (2) Comunidades de bens.
- (3) Sociedades mercantís.
- (4) Fundacións e asociacións sen ánimo de lucro.

¡Coidado! O contratado é quen logo vai poder facturar.

PROCEDIMENTO PARA OS GRUPOS

1º Sinatura e envío dos contratos á AGADIC

2º Realización dos concertos e **petición á sala do certificado de actuación**

3º Realización das facturas á AGADIC e presentación das mesmas, **xunto ca documentación requerida para o seu cobro**

4º Pago pola AGADIC, mediante transferencia bancaria

CONTRATACIÓN/FACTURACIÓN

Documentación a presentar para formalizar o contrato e o cobro das facturas (imprescindible):

- (1) NIF da persoa que asina o contrato.
- (2) CIF/NIF segundo sexa unha persoa física ou xurídica.
- (3) Declaración censal MODELO 036 ou modelo 037 da Axencia Estatal de Administración Tributaria Imposto de Actividades Económicas, relativo a actividade a realizar para o ano 2009. Para **novos grupos**, os que presentaron o IAE o pasado ano, non teñen que presentalo de novo
- (4) Certificación dos datos e titularidade da conta bancaria (do titular do contrato) Solicítase na oficina bancaria gratuítamente.
- (5) Autorización para consultar a existencia de débedas con Facenda, a Seguridade Social e a Xunta de Galicia (ver anexo I).
- (6) Autorización do asinante para actuar en nome da sociedade ou do grupo (ver anexo II)
- (7) Factura
- (8) Certificado de actuación emitido polas salas, unha vez se realiza a actuación.

FACTURACIÓN:

1. Datos a incorporar na factura:

- (1) Número de factura.
- (2) Datos identificativos do expedidor (nome e apelidos ou razón social, NIF/CIF e domicilio).
- (3) Datos identificativos da AGADIC (ver en contrato).
- (4) Descrición do servizo (actuación do grupo X, na sala Y, na data Z).
- (5) Prezo total, con desglose do IVE e IRPF.
- (6) Lugar e data de emisión.
- (7) Selo e sinatura do expedidor.

2. Certificado da actuación

Unha vez o grupo realiza o concerto o responsable da sala onde actúa, ten a obrigatoriedade de entregar o certificado de actuación (ver anexo III)

(facilitado polo representante da sala onde actúa o grupo)

*Exemplos de facturación

(antes de enviar unha factura hai que cumprir os pasos da páx. 4)

*Estes exemplos son orientativos, cada grupo deberá consultar na Axencia Tributaria, ou ben no seu asesor fiscal, que tipo de Retención do IRPF e do IVE aplicarase no seu caso individual.

Modalidade de empresa	Caché do grupo a pagar pola AGADIC	Desglose que debe aparecer na factura	Cantidade neta que cobra o grupo
Persoas físicas (Facturan co seu DNI)	600€	Prezo: 560,75€ IVE (7%): 39,25€ IRPF(15%) <u>84,11€</u> Total 600, € Neto: 515,89	515,89 €
Asociacións sen ánimo de lucro (se están exentas do IVE, deben acreditarlo)	600€	Prezo 600€	600 €
Sociedades cívicas ou comunidades de bens	600€	Prezo: 517,24€ IVE (16%): 82,76€ IRPF(15%) <u>77,59€</u> Total 600, € Neto: 522,41€	522,41€
Sociedades limitadas ou sociedades anónimas	600€	Prezo: 517,24€ IVE (16%): <u>82,76€</u> Total 600, €	600€

Exemplo de Factura

Exemplo de factura dun grupo que cobra 600€ de caché á AGADIC como persoa física e realiza tres concertos (mínimo)

- Número de factura (indicar o número de factura)
- Nome e datos da entidade á quen se lle factura (neste caso AGADIC)

AGADIC

CIF:Q- 6550009-B

Rúa da Vesada s/n

15703 Santiago de Compostela

- Nome e datos da entidade que factura

Exemplo: Grupo XXXXX

CIF ou NIF: _____

Dirección postal: _____

Conceptos a facturar:

Concerto realizado polo grupo _____ o día ____, na sala _____

Concerto realizado polo grupo _____ o día ____, na sala _____

Concerto realizado polo grupo _____ o día ____, na sala _____

Desglose da factura	Prezo	560,75€ * 3 bolos = 1682,24
	IVE(7%)	39,25€ *3 bolos= 117,75
	(IRPF (15%) de 1682.24 €) BASE IMPOÑIBLE	
		84,11*3 bolos= 252,34
	TOTAL	1800€
	Neto	1547,66€

Asinado: O representante do grupo

Data: (A data ten que ser posterior á representación dos concertos)

ANEXO I
AUTORIZACIÓN PARA SOLICITAR CERTIFICADO DE DÉBEDAS
REDE GALEGA DE MÚSICA AO VIVO 2009

GRUPO	
ENTIDADE R	CIF

D/Dona

_____,
con DNI _____, en representación da entidade

—

A U T O R I Z A:

A Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC) a que, nos mesmos termos establecidos no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 18 do Decreto autonómico 287/2000, do 21 de novembro, solicite da Axencia Estatal de Administración Tributaria, da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e da Tesourería Xeral da Seguridade Social a información a que se refire o artigo 78.4º C) da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (aprobada polo Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, na súa redacción dada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo), en relación co cumprimento das obrigas tributarias estatais, sociais e coa Comunidade Autónoma de Galicia.

En _____, a ____ de _____ de 2008.
(sinatura do/a solicitante)

ANEXOII

Autorización de representación do grupo ante a AGADIC

Artículo 32. da Lei 30/92 de 26 de novembro do Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo común

Os/as abaixo asinantes (todos os membros do grupo) :

Nome e apelidos:

DNI:

AUTORIZAN:

A D./Dna _____ con DNI nº _____ a actuar como

representante do grupo _____ ante a AGADIC para os

efectos de contratación, emisión, xestión e cobro de facturas, dos contratos

emitidos na Rede Galega de Música ao Vivo.

Calquera cambio que se produza na representación deberá ser comunicado por escrito á AGADIC, quedando eximido este Instituto de calquera responsabilidade de carácter contractual ou doutra natureza que poidese instar a compañía ou os seus representantes, ben legais ou ben apoderados.

SR. DIRECTOR DA AXENCIA GALEGA DE INDUSTRIAS CULTURAIAS

SALA	
ENTIDADE TITULAR	CIF

DATOS DA ACTUACIÓN:

DÍA			
HORA			
GRUPO			

TAQUILLA E ASISTENCIA:

PREZO (A)	Nº DE ESPECTADORES (B)	IMPORTE (AXB)

IMPORTE ABONADO POLA SALA AO GRUPO:

IMPORTE			
---------	--	--	--

Os abaixo asinantes declaran que os datos recollidos nesta certificación son certos,

En _____, a ___ de _____ de 200_.

O representante da sala. Sinatura e selo.	O/A representante do grupo. Sinatura e selo.
--	---